

**ASETEM**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de ComercioDeputación
DA CORUÑA**EMPRESA**

Cambios na distribución do Cerne con 62 novos puntos de reparto P5

MELIDE

Escrache, a verba de moda do 2013, colle corpo no Cantón de S. Roque P12

COMARCA

Vila de Cruces e Santiso piden melloras na barcaza que os comunica P13

ENTREVISTA

Rubén Gómez,
Supermerc.
Gómez P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 96. Xaneiro 2014. Distribución gratuita

Cafetería Stop entrega o premio gordo do sorteo de Asetem-Cca

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) culminou a campaña de Nadal co sorteo de 6.000 euros entre os clientes que confiaron nos comercios da vila para realizar as súas compras. O premio máis importante, de 2.000 euros, recae en o número 38.024 e foi repartido pola Cafetería Stop. As persoas con rifas premiadadas teñen de prazo ata o 31 de xaneiro para presentalas nas oficinas da patronal melidense. P3



N. Noguerol

En marcha o concurso para adxudicar a piscina cuberta




As instalacións abrirán con toda probabilidade no mes de febreiro. O concello veta á anterior concesionaria e pídeelle que pague 87.000 € polos danos causados. P11

A nova Casa da cultura pon fin a dez anos de carencias



Coa inauguración do centro sociocultural o pasado día 27, Melide volve dispoñer dun espazo á altura da calidade e da variedade da súa vida cultural. P19

**JAVIER LÓPEZ LÓPEZ****ENXEÑERO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049**peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terrenos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proyectos agrícolas

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Coas barbas a remollo

O proceso de liberalización de horarios comerciais foi lento pero imparable. Contestamos todos e cada un dos pasos que se foron dando nesa dirección por consideralos prexudiciais para os intereses do pequeno comercio. Rexeitamos un novo marco legal que se nos vendeu como garante de máis vendas, de máis emprego e de maior beneficio para o consumidor. Alzamos a voz sen que nos escoitaran e tivemos que asumir como dogma de fe as bonanzas dunha política pensada para o proveito das grandes superficies. Agora os datos falan e comezan a darnos a razón.

Falan da comunidade de Madrid, a avanzada e o exemplo das políticas liberalizadoras de todo tipo, tamén comerciais, que comezou xa en 2008 aprobando a ampliación de horarios e culminou en 2012 coa liberalización total. Dende que se iniciou o proceso hai agora seis anos, o Índice de comercio ao por menor, elaborado polo INE para coñecer a evolución das vendas, constata un descenso 3 décimas superior ao conxunto de España e 2 puntos superior ao de Cataluña, comunidade que seguiu unha política de horarios comerciais radicalmente oposta á madrileña.

No que se refire ao emprego, dende 2008 o índice de ocupación no sector do comercio baixou en Madrid



un 12,5%, fronte ao 10,2% no conxunto de España para o mesmo intervalo de tempo e fronte ao 7,5% en Cataluña. Sobre a opinión dos clientes, segundo recolle a enquisa más recente do CIS (ano 2011), o 51,3% dos ciudadáns amósase favorable a que se regulen os horarios comerciais e o 98% non percibe ningún prexuízo significativo derivado desa regulación.

A conclusión de todo isto é que coa liberalización descenderon máis as vendas, destruíuse máis emprego e non houbo beneficio ningún para o consumidor. Agora non cómpre máis ca aplicar o refrán: cando as barbas do teu veciño vexas pelar...

Axiña coñeceremos datos propios sobre a realidade de Galicia, que o ano pasado

aprobou unha nova Lei de Comercio presentada como unha reforma ad hoc para as peculiaridades do comercio galego, beneficia para a consolidación dos cascos de vilas e cidades e respectuosa co equilibrio entre o pequeno, o mediano e o grande. As promesas e os vaticinios son os mesmos de sempre. Só faltan os datos que nos dean de novo a razón e demostren que se colleu unha vez máis o camiño errado.

Polo de pronto xa vimos como en Melide uns horarios e unhas rebaixas ao antollo de cada quen dificultan moito máis o obxectivo de dar unha imaxe conxunta, de seguir uns criterios comúns e de presentármelos ante os clientes como un verdadeiro centro comercial aberto. Aproxímanse tempos de novos retos...

Tribuna de opinión

A reforma do Fogasa

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O ano novo trouxo, como é habitual, numerosos cambios que afectan á cidadanía. Algunos irromperon nas nosas vidas tras seren anunciados "a bombo e platillo", como a suba da luz, a das peaxes ou a dos carburantes. Outros, de igual transcendencia, chegaron más silentes e pola porta de atrás: a segunda reforma laboral e, tamén no ámbito da empresa, a reforma do Fogasa (Fondo de Garantía Salarial), que ata agora asumía o pago directo de 8 dos 20 días de indemnización aos que teñen dereito os empregados indefinidos despedidos por causas xustificadas.

Xa non é tal dende o 1 de xaneiro para as empresas con menos de 25 traballadores, que terán que asumir a integridade do pago e que verán

incrementarse nun 40% o custo dos despedimentos.

Estamos ante un novo golpe que nos deixa, se é posible, máis desprotegidos. Estamos tamén ante un novo agravio comparativo, xa que a medida só se aplicará ás microempresas, ás que en Galicia sosteñen o 99% do emprego (segundo a confederación autonómica de empresarios) e as que durante este longo período de recesión menos xente despediron. Coa reforma do Fogasa non só se elimina un importante apoio para as pemes, que acudían a el ao entrar nunha situación de insolvenza, senón que tamén se deixa desprotegidos a miles de traballadores. Trátase de xestionar mellor os recursos, non de aforrar condanando o tecido produtivo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado, Xosé Núñez, Silvia Pena

AGRADECIMIENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Cafetería Stop reparte os 2.000 euros da campaña “Este Nadal toca en Melide”

Os clientes con rifas premiadas teñen de prazo ata o día 31 para presentalas na sede de Asetem

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) culminou a campaña de Nadal 2013-2014 co sorteo de 6.000 euros entre os clientes que ao longo do último mes realizaron as súas compras no comercio local.

O primeiro premio, dotado con 2.000 euros, foi para o número 38.024, distribuído pola Cafetería Stop. O segundo premio, de 1.000 euros, caeu no número 27.418, repartido por Santín & Amo Perruqueiros. A extracción dos boletos premiados realizouse o 8 de xaneiro na sede da patronal e

serviu para outorgar tamén outros 20 premios de menos contía. En total sacáronse 44 boletos, a metade como titulares e a outra metade en concepto de reserva, de entre os 50.400 que repartiron os establecementos participantes.

Os clientes agraciados terán agora de prazo ata o 31 de xaneiro para presentar nas oficinas de Asetem as rifas premiadas, tanto as titulares como as de reserva. Posteriormente fixarase unha data nos primeiros días de febreiro para celebrar o acto de entrega de premios, no que os clientes ganadores recibirán o galardón de mans dos titulares dos establecementos. Obterán vales de 50 euros ata completar o valor do premio acadado. Deberán consumilos nos 15 días seguintes á data nos que os recibiron e poderán elixir libremente entre os 62 comercios que participaron na campaña.



Unha man inocente extraeu os 22 números premiados

NÚMEROS PREMIADOS	
1º PREMIO - 2.000 EUROS	2º PREMIO - 1.000 EUROS
38.024 (Cafetería Stop)	27.418 (Santín & Amo Perruq.)
Reserva: 26.057 (Cafetería Stop)	Reserva: 49.817 (Muxica)
PREMIOS DE 200 EUROS	
18.284 (Eurocadena)	> Reserva: 33.502 (Eurocadena)
25.367 (Skala Peluqueros)	> Reserva: 28.412 (Calzados Broz)
26.192 (Cafetería Stop)	> Reserva: 42.878 (Angarela)
29.695 (E. Servicio Corredoiras)	> Reserva: 39.904 (Romero Zapaterías)
30.878 (El baúl de la Piquer)	> Reserva: 46.011 (Calzados Broz)
32.986 (Pescadería Abel)	> Reserva: 03.816 (M & M)
42.635 (Angarela)	> Reserva: 26.607 (Cafetería M40)
45.205 (Cafetería Stop)	> Reserva: 46.195 (Calzados Broz)
50.239 (Muxica)	> Reserva: 21.993 (Lácteos Terra de Melide)
50.258 (Muxica)	> Reserva: 46.004 (Calzados Broz)
PREMIOS DE 100 EUROS	
05.479 (Imprenta Meligraf)	> Reserva: 43.613 (Xoiería Roval)
14.492 (Librería Cousas)	> Reserva: 16.240 (Mercería Marvi)
16.805 (Bodegas Mejuto)	> Reserva: 42.791 (Angarela)
17.078 (Bodegas Mejuto)	> Reserva: 11.331 (Carola Moda 2012)
22.879 (Xoiería Silvela)	> Reserva: 08.433 (Supermercado Vilasoa)
27.465 (Santín & Amo Perruq.)	> Reserva: 11.781 (Est. Servicio Corredoiras)
29.892 (Est. Servicio Corredoiras)	> Reserva: 29.275 (Bodegas Mejuto)
33.457 (Eurocadena)	> Reserva: 01.847 (Cousas Novas)
37.810 (Cafetería Stop)	> Reserva: 22.787 (El Dándolo)
44.156 (Librería Cousas)	> Reserva: 33.586 (Eurocadena)

A campaña, “nin das peores nin para tirar foguetes”

“Para os tempos que corren, non houbo queixa”. Con esta frase poderíase resumir o sentir xeneralizado dos comerciantes de Melide logo de dar por rematada a campaña de Nadal e facer balance das vendas realizadas. Tras consultar diferentes establecementos, Asetem constata que para a maioría dos negocios o resultado foi “satisfactorio” e o nivel de vendas “moi seme-

llante ou lixeiramente superior” ao dos últimos anos. Con todo, os comerciantes coinciden á hora de sinalar que “a cousa non comezou nada ben” e que ata fin de ano “houbo moi pouco movemento na vila”. Foi de cara á xornada de reis cando o consumo empezou a despegar, o que permitiu “salvar” unha campaña que “nin foi das peores nin foi para tirar foguetes”.

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo




Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



I Ruta de Bares Zona vella de Melide



do 31 de XANEIRO

ao 1 de MARZO

(Ambos incluídos)

**Venres, sábados
e domingos**

Premios


Sortearanse entre todas as cartillas cubertas:

1.000 € en metálico

1.000 € en agasallos

* (Para participar no sorteo deberase completar unha cartilla co selo de todos os establecementos participantes)

Colaboran: Asirai Xoia (Arzúa), Udial-Faceva Arzúa S.L., Distribuciones Ribeirao, Eruom Viños, 1945 by Noguerol, Bodegas Mejuto, Distribuciones Casa Juanito, Cash Record, Estrella Galicia, Concello de Melide



O Cerne limita a súa distribución a 62 puntos fixos de Melide e comarca

O Xornal Cerne inicia 2014 con importantes cambios no que á súa distribución se refire: os lectores deixarán de atopalo nos lugares onde habitualmente se repartía, xa que de agora en adiante pasará a distribuirse única e exclusivamente en 62 puntos fixos. Son os que figuran no cadro que acompaña esta información e que se corresponden cos comercios e empresas asociadas a Asetem que decidiron colaborar economicamente para manter a viabilidade do xornal. Os veciños e veciñas da comarca poderán identificálos grazas a un distintivo como o que figura á dereita destas liñas que os comercios colocarán nas súas portas e escaparates e que os acreitará como establecimentos distribuidores do Cerne. Estes cambios non afectan ao carácter gratuito do xornal, que se poderá seguir lendo sen necesidade de pagar por el. No que á comarca se refire, mantéñense de momento os lugares habituais de distribución, á espera de fixar en breve os novos puntos de reparto. Cómpre destacar que, ademais dos socios de Asetem, outros negocios, entidades e persoas particulares decidiron tamén colaborar co periódico formalizando unha subxcripción. Nestes casos, ao non seren distribuidores, comezarán a recibir o xornal por correo.



NOVOS PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN

COMERCIO

Aceiteiro
Berencello
Bodegas Mejuto
Calzados Broz
Casa Juanito
Casa Santos
Cociñas Buján
Ctro. Cial. Ares
Espomasa (Toques)
Floristería Maru
Floristería Tarrío
Hijos Casal Mariño
J.R. Cabado
Librería Cousas
Librería Victorio
Melimática
Melisanto
Muebles Paula
Muxica
Pescados Manolo
Xebre
Xoiería Oro Ley
Xoiería Roval
Xoiería Silvela

EMPRESA

Canteras Prebetong
Canteras Rechinol
Constr. Espiño
Cubiertas Blanco
Distribuciones Mella
El Mueble
El mundo del pintor
Fuciños Rivas S.L.
Gasolineira Bocelo
Lácteos T. de Melide
Leonardo Miguélez
Mejuto Vázquez y otro (Opel)
Proquintas
Villamor S.C.

Cafetería Stop

Casa Estilo
Novo Continente
O Carburo (Toques)
Os Garceiras
Pizzería Xoldra
Pulpería Ezequiel

SERVIZOS

CC Xestión
Fisiowida
Hardgalicia (R)
Javier López (perito)
Meligraf
Notaría
Seguros Bilbao

HOSTALERÍA

A Boa Viña
Bodegón Alongos II
Café Chaplin
Cafetería Arraigos
Cafetería M40
Cafetería Marian

NO POLÍGONO

Jim Sports
Nutripor
Suministros Industriales Cire
Transportes Sierra

NOTICIAS BREVES

Indemnizaciós do Fogasa

O Fondo de Garantía Social (Fogasa) deixou de financiar o día 1 de xaneiro os despedimentos obxectivos nas empresas de menos de 25 traballadores. Ata agora asumía o pago directo de 8 dos 20 días de indemnización aos que teñen dereito os empregados indefinidos despedidos por causas xustificadas. Con esta medida, o goberno central pretende aforrar 300 millóns de euros cada ano. En Galicia deixaríanse de financiar uns 27 millóns. Dende a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) advirten que é un "erro" eliminar esta axuda e argumentan que só servía "para que as empresas de menor tamaño a axustaran as súas plantillas ante unha demanda menor sen correr o risco de desaparecer polo pago de indemnizacions".

Servizo de orientación laboral

O Concello de Melide conta dende finais do mes de decembro cun técnico de orientación laboral para atender ás persoas interesadas en buscar emprego. Entre outras funcións, este profesional encárgase de realizar entrevistas personalizadas para definir o perfil dos desempregados e deseñar o itinerario máis axeitado para cada quien á hora de buscar traballo. Tamén ofrece orientación sobre o xeito de dar o salto ao autoemprego e achega consellos útiles para mellorar a formación e a cualificación profesional. Por outra banda, actúa de intermediario entre as ofertas e as demandas de emprego, favorecendo o achegamento entre as empresas e as persoas candidatas. A Oficina de Orientación Laboral está no primeiro andar da casa do Concello.

Encontro de empresas Leader



Reunión de emprendedores coa Conselleira Rosa Quintana

As empresas beneficiarias dalgunha axuda do Plan Leader durante o período 2007-2013 reclaman máis asesoramento, maior axilidade á hora de tramitar documentación e un seguimento detallado dos proxectos subvencionados. Son algunas das propostas que formularon os participantes no I Encontro do Empresariado Leader que se celebrou en Melide a finais de ano de cara a mellorar a eficacia do plan europeo para o desenvolvemento do rural durante o período 2014-2020. As empresas reunidas tamén solicitaron un maior protagonismo do GDR á hora de determinar as estratexias que se deben aplicar dentro do seu ámbito de actuación. Como invitada de excepción, a Conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, destacou que as persoas emprendedoras fan un rural "forte e competitivo" que "aguanta mellor o tipo" en tempos de crise.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

OS DOCES DE CASA ESTILO, RECOÑECIDOS COA MARCA DE EXCELENCIA

“Esta distinción sitúa os produtos de Melide na vanguarda da gastronomía”

-En que consiste exactamente o recoñecemento que acaban de recibir?

-Alberto R. Fondevila (A.R): É unha distinción que garante a calidade e o xeito artesán en que elaboramos en Casa Estilo os melindres, ricos e amendoados. Outórgaa o Centro de Promoción de Produtos Tradicionais, unha entidade avalada por Galicia Calidade e polo Eixo Atlántico. O que nos concederon foi o uso da marca “Excelencia” e a designación dos nosos doces como produtos tradicionais de Galicia e do Norte de Portugal. Baixo ese paraugas de produto de excelencia englobanxe unha vintena de marcas que cumplen certos requisitos. Hai moitas máis que poderían estar e non están, pero todas as que estamos compartimos as mesmas características de

elaboración e de respecto polo proceso de fabricación artesán.

-Que supón para vostedes e os seus produtos obter a marca de excelencia?

-A.R.: Para nós é un recoñecemento ao traballo de todos os días, á escolla coidadosa de ingredientes e á constancia por mellorar a calidade. Fainos pensar que estamos a facer as cousas ben. Esta distinción tamén é importante no sentido en que sitúa os produtos propios de Melide na vanguarda da excelencia gastronómica de Galicia e do norte de Portugal. Ábreñse novos camiños para difusión deste xeito de entender a repostería.

-Pode supoñer unha limitación á hora de innovar?

-A.R.: Non, porque nós obtivemos a certificación para tres

doces, non para Casa Estilo. Temos máis produtos á venda que non se axustan a esa marca de excelencia. Sobre a base dos doces tradicionais pódense facer moitas cousas, áinda que eu son moi purista e partidario de coidar o legado que temos. Sería posible chegar a facer un licor de melindre ou unha torta con requeixo e amendoado? Por suposto que si, pero sempre respetando esas tres columnas intocables. Os melindres, ricos e amendoados ofrecen moitas posibilidades. Ao mellor agora é o momento de pararse un pouquín detrás da cociña.

-Teño a sensación de que xa o está facendo... a proba é o turrón de chocolate e rico de Melide.

-A.R.: Si, sacámolo á venda este Nadal. En realidade foi o



Alberto Rodríguez Fondevila, de Casa Estilo, na presentación na Coruña da Festa do Melindre de 2013

reclamo dun cliente que non é de Melide ao que lle gusta moito o chocolate e os ricos. Pedíume que fixera algo para integralos. A idea inicial foi facer un bombón de rico, pero como estabamos en véspera do Nadal, rematamos por facer o turrón de rico. Tivo moi boa aceptación. Agora que remataron estas datas,

presentaremos o bombón como producto que se poida vender todo o ano. Estamos aínda traballando nel e buscando o formato pero non tardaremos en sacalo ao mercado. Os doces tradicionais ofrecen combinacións que a priori a ningún lle encaixaría pero que logo na realidade funcionan moi ben.

Novas reformas en materia laboral (Real Decreto-ley 16/2013)

1º.- EMPREGO A TEMPO PARCIAL

a) Elimínase a posibilidade de realizar horas extraordinarias, salvo nos supostos recollidos no artigo 35.5 do Estatuto dos Traballadores (ET).

b) Modifícase o réxime de horas complementarias co obxectivo de flexibilizar as xornadas laborais (só en contratos de máis de 10 horas semanais en cómputo anual):

- Permite aumentar entre un 45% e un 90% as xornadas dos traballadores indefinidos con contratos de máis de dez horas á semana. Nese cómputo inclúense as horas pactadas (aquelas que o traballador está obrigado a facer tras firmar un acordo ou porque figuran no convenio), que poden elevar ata un 60% a xornada base, e as voluntarias (de libre aceptación), que incrementarían como máximo outro 30%.

- Preaviso de 3 días para a súa realización (antes 7 días).
- Establécese a obriga do rexistro diario, a totalización mensual da xornada e a obriga de conservar o resumo mensual durante catro anos.

- Esténdese o contrato de apoio a emprendedores (que inclúe distintos incentivos fiscais e un período de proba de un ano no que se pode despedir ao traballador sen indemnización) a esta modalidade de xornada sempre e cando o contrato sexa indefinido. Para os de duración determinada non superiores a 6 meses, apróbanse novos períodos de proba, que non poderán exceder un mes, salvo que se estipule doutro xeito no convenio colectivo. Ademais redúcese nun punto o tipo de cotización nos contratos a tempo parcial de duración determinada.

2º.- INCAPACIDADE TEMPORAL

a) As mutuas poderán realizar o seguimento das baixas desde o primeiro día (ata agora o control empezaba a partir do décimo sexto día, cando se facían cargo do pago da prestación). Ademais, poderán dar de oficio a alta a un empregado se o médico de cabeceira non responde á súa solicitude motivada nun prazo de cinco días.

b) Os traballadores de baixa verán suspendido de forma cautelar o seu subsidio se non comparecen ás convocatorias realizadas polos médicos da Seguridade Social ou da mutua para o seu recoñecemento, incluso antes de que se determine se a ausencia foi xustificada ou non. Ata agora só se extinguía o cobro da prestación se era probada unha ausenciainxustificada.

c) Para baixas de longa duración, computaranse as recaídas (novas baixas pola mesma patoloxía dentro dos seis meses posteriores á alta) dentro do límite de 545 días nos que se pode cobrar o subsidio.

4º CONCILIACIÓN

- O suposto de redución de xornada e salario por coidado de menores, que lle permite aos traballadores axustar entre unha oitava parte e a metade da súa xornada laboral a cambio dunha redución proporcional do soldo, amplíase ata os doce anos de idade do menor a cargo, fronte ao límite actual, fixado nos oito.

3º EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

- Poderán ceder traballadores con contratos en prácticas.

Mercamelide celebrarase os días 8 e 9 de febreiro

Comerciantes de Melide, Concello e Asetem acordaron fixar para a fin de semana do 8 e do 9 de febreiro a celebración do Mercamelide de inverno. Unha edición máis, os clientes poderán atopar durante esos dous días, en horario ininterrompido de 11 da mañá a 8 da tarde, todo tipo de produtos a prezos moi reducidos. Calzado, moda téxtil, zapatos, complementos, mobles ou electrodomésticos son algúns dos artigos que poñerán á venda os preto de 30 establecementos que participan normalmente na feira.

Por outra banda, tamén se fixou a data na que se celebrará a terceira edición do Salón da Voda de Melide. Será o 23 de marzo.

Campionato de tute na Cafeteria Marta

Os reis da baralla



Que sería dun Nadal sen o campionato de tute da Cafeteria Marta? Un ano máis os fanáticos das cartas déronse cita neste establecemento do centro de Melide para compartir unha longa noite de rivalidade e amizade a partes iguais.

Despois de moitas horas de competición, só os mellores, os reis da baralla, conseguiron facerse con algún dos premios do campionato: completas cestas de Nadal para os tres primeiros e botellas de viño para os seguintes ata o 8º posto.



Cafeteria
MARTA

Cantón de San Roque, 13
15800 MELIDE (A Coruña)

8 Publicidade

Cerne 96. Xaneiro 2014

NAS REBAIXAS, ESCOLLE MELIDE

Alfonso
Modas

Mateo Segade Bugueiro, 13 - 15800 MELIDE
Tfno.: 981 50 54 58

El Sándolo
MODA HOMBRE - MUJER

Mercedes Abad León

Tfno./ Fax: 981 50 63 70
Móvil: 610 75 78 84
Rúa do Convento, 15 (MELIDE)

ares

FERRETERÍA - SANITARIOS - MENAJE



Ronda da Coruña, 33
Telf.: 981 50 50 63
Fax: 981 50 72 57
P.I. Madanais
Telf.: 981 50 77 18
MELIDE

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com



carola
by miriam montes

Casa das Luces

COL

Rúa Alexandre Bóveda, 11
Melide Telf. 981 505 111

Moda Infantil
Comunión

Todo para o bebé
Berços, coches, sillas auto
Sistemas de seguridade



Cantón de San Roque, 11
MELIDE

BRUNO PREMI

HUNTER

Pepe Jeans
LONDON

VILA
CLOTHES

ESPRIT

clish

lavand.

Kawasaki

PHARD

edc

ANTONY MORATO
WWW.MORATO.IT

REPLAY

OS MELLORES PREZOS A UN PASO

AC&AS moda

Tfno.: 981 942 415
Ronda de La Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)

Calzados Braz

Ronda da Coruña, 24
Camiño de Oviedo, 13

Tfno: 981 50 51 60
MELIDE

juvencil
Zapatería Tanayka
infantil

Telf.: 981 505 793
Cantón de San Roque, 14 bajo
15800 - MELIDE (A Coruña)

El baúl de la Piquera

Progresso, 1
MELIDE - (A Coruña)

Decoraté

Rúa do Convento, 1 - MELIDE - Tel: 981 50 60 90

Mercería Teresa
Lanas Stop

Rúa do Convento, 19 e Ronda da Coruña, 3
MELIDE

MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE

10 Publicidade

Cerne 96. Xaneiro 2014

A circular graphic featuring a colorful, abstract pattern of small dots in shades of blue, purple, and green, resembling a brain or a tooth cross-section.

**ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05

HOSTELERÍA
MANTENIMIENTO
CONSTRUCCIÓN
AUTOMOCIÓN
AGROPECUARIA
PISCINAS
CELULOSA / ACCESORIOS

Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

La química que nos une.

Alta calidad, mejor rendimiento
Un producto para cada necesidad.

Tlf.: 981 505 750
www.proquintas.com

**ESTREAMOS
LOCAL!**

**Atópanos en:
Rúa do Convento, 21**

A TÚA TENDA R EN MELIDE

O concello veta á concesionaria da piscina e reclámalle 87.000 euros polos danos causados

Xedga S.L., a empresa concesionaria da piscina climatizada, deberá asumir as consecuencias dos seus actos. Esa é cando menos a intención do Concello de Melide, que pon prezo e castigo á mala xestión realizada pola compañía, que derivou no cese de actividade e no posterior peche das instalacións hai agora 23 meses.

Co obxectivo de desvincularse totalmente de Xedga S.L., o goberno local iniciou xa os trámites para resolver o contrato coa empresa (que remataría en abril deste ano) e para penalizala, de xeito que non poida presentarse ao novo concurso para xestionar a piscina. “Se non a penalizamos por abandono do servizo podería presentarse de novo porque cumple os requisitos”, explicou a alcaldesa, Ánxoles Vázquez, en sesión plenaria, “iso sería un fracaso total que non podemos permitir”.

Por outra banda a rexedora anunciou que o Concello “loitará por que a empresa responda polos danos e prexuízos causados”, que segundo os



A piscina abrirá as súas portas previsiblemente no mes de febreiro

informes elaborados polos departamentos de intervención e secretaría ascenden a 87.000 euros: “podíamos cortar polo sano e pagarlle á empresa o que pedía, pero non estamos dispostos a tolerar iso aínda por enriba do dano que causou”, sinalou Vázquez.

Con este argumento a alcaldesa tratou de convencer á oposición, que desconfía do procedemento seguido polo goberno local: “non o vemos claro e a desligación total coa

anterior empresa é fundamental para evitar problemas”, explicou Xosé Igrexas, do BNG, que xustificou así o seu voto en contra. No mesmo sentido se pronunciou o PSOE, que acusou á alcaldesa de non ser capaz de resolver o contrato con Xedga S.L. “nun ano e medio”.

“Atar ben os cabos”

O debate sobre a piscina climatizada monopolizou un pleno extraordinario no que o PP tamén aprobou en solitario

as normas que rexerán o funcionamento das instalacións e o documento coas cláusulas da concesión. Nel figura que a piscina se contratará por oito anos, cun canon máximo de 72.000 euros por ano. No concurso primaranse as ofertas que inclúan “o abaratamento de tarifas para os usuarios e a ampliación do horario mínimo de apertura”, que en principio será de luns a sábado todos os meses do ano. Para “atar ben os cabos e evitar problemas futuros”, o Concello resérvese a capacidade de rescatar a concesión “por interese público” e designará un interventor técnico que realizará inspeccións periódicas para comprobar o estado de conservación e limpeza do recinto.

A piscina abrirá previsiblemente no mes de febreiro. O Concello sacou a concurso a xestión das instalacións o 3 de xaneiro e as empresas poderán presentar as súas ofertas ata o día 18. Unha vez que remate o proceso, a adjudicataria disporá dun mes como máximo para abrir o recinto.

Descartadas para este ano as obras do novo centro de saúde

Non haberá novo centro de saúde para Melide no ano 2014. Os orzamentos da Xunta para o presente exercicio reservarán tan só 20.000 euros para o ambulatorio tras rexeitar o PP no parlamento galego as emendas que presentaron PSOE e BNG para pedir que se incrementase a partida orzamentaria para Melide ata os 1,5 millóns e 600.000 euros respectivamente.

Os socialistas melidenses acusan ao PP de practicar “política de escaparate” e anuncian que lle pedirán á alcaldesa, Ánxoles Vázquez, que explique en sesión plenaria “todo o acontecido con este asunto”. Pola súa banda, o BNG recorda que Vázquez anunciou en 2011 o inicio das obras e que a día de hoxe “nin sequera está feito o proxecto”. Acusa ao PP de mentir e considera “vergonzosa” a súa actuación.

O 68% do POS para 2014 destinárase a investimentos

A corporación do Concello de Melide aprobou por unanimidade o Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación para o ano 2014, dotado con 348.284 euros.

Da contía total, o 32% (106.684 euros) destinárase a gasto corrente e o 68% restante (241.600) a obras, sendo este o ano que máis cartos se dedican a investimentos dende 2010, data na que a Deputación comezou a permitir que parte das súas achegas se empregasen tamén para gasto corrente. Comparativamente, no ano 2010 a porcentaxe reservada para obras foi do 67%, en 2011 do 52%, en 2012 do 40% e o ano pasado do 60%.

A alcaldesa de Melide, Ánxoles Vázquez, explicou que no rural se apostará polas comunicacións e no casco urbano pola separación de fecais e pluviais. En concreto,

os traballos que se realizarán ao longo do ano ao abeiro deste plan son os seguintes:

- Separación de pluviais e fecais e reposición de firmes nas rúas Río Furelos, O Folicheiro, Xosé Ramón Fernández Castro, Irmandiños e nos accesos ao campo de fútbol municipal. Actuación dotada con 40.000 €.
- Ampliación do suministro de auga na parroquia de San Salvador, no tramo Castro-Feal. Inclúe o asfaltado da pista. Actuación dotada con 30.268 euros.

- Pavimentación de camiños e pistas nas parroquias de Xubial, Pedrouzos, Campos e Santalla. Actuación dotada con 171.331 euros.

- Como obra complementaria ao POS inclúese o acondicionamento de camiños nos núcleos de Castiñeiroa e Xandruga, cun orzamento de 37.269 euros.

Possible peche da oficina da Seguridade Social



A oficina que a Seguridade Social ten na Praza do Convento poderá pechar esta primavera. A voz de alarma deuña o PSOE de Melide, que asegura ter constancia de que o Ministerio de Traballo prevé cerrar un número importante de centros en toda España como medida de aforro e que entre esas oficinas estaría “irremediablemente” a da vila por non cumplir os requisitos mínimos en canto a número de traballadores e de atencións diárias aos cidadáns. Os socialistas melidenses xa anunciaron que poñerán en marcha unha campaña “para evitar a perda dun servizo público importante para a poboación dunha ampla área do interior de Galicia”.

FOTO-DENUNCIA: sumidoiros en ebullición



Hai sumidoiros que son coma a pota do caldo cando ferve moi e se bota por fóra. Mais, pola contra, non acostuman a desprender un arrecendo tan agradable. A diferenza sábena ben os veciños que viven no entorno do Edificio Multiusos, que teñen que soportar o decorrer de augas fecais polas rúas cada vez que hai unha enchente, áinda que non sexa moi grande. Houbo obras en marzo de 2013 “para solventar esta problemática”. Pero a problemática segue aí e aos veciños, cansos de sempre na mesma, comeza a ferverles a pota.

Traballadores despedidos de Agader protagonizan un escrache en Melide

Sorprendieron con berros e pancartas á Conselleira do Medio Rural para pedir a readmisión

O ano 2013 deixou novas palabras e novas formas de protesta. Tamén nas rúas de Melide, que foron testemuñas o pasado 14 de decembro do primeiro escrache que se produciu na comarca.

Unha ducia de traballadores despedidos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) aproveitou a visita da Conselleira Rosa Quintana a Melide con motivo da inauguración da Feira de Agasallos de Nadal para formularle en fite as súas demandas. Tras agardar máis dunha hora con total discreción no Cantón de San Roque, os manifestantes sorprenderon á titular de Medio Rural no momento en que fixo acto de presenza na praça. Con berros e pancartas



A Conselleira Quintana, á dereita, de costas aos manifestantes

solicitando a readmisión, perseguiro stand tras stand a unha comitiva na que tamén estaban varios alcaldes e concelleiros da comarca.

Cobrando sen traballar

O motivo da protesta remontase a decembro de 2012, cando o goberno galego despediu a 23 traballadores de Agader. Todos excepto un acudiron aos tribunais cun resultado de 21 sentenzas que

certificaron a nulidade dos despedimentos e que ordenaron satisfacer os salarios dende o día da rescisión dos contratos. A día de hoxe os extraballadores están a recibir o soldo na casa sen desempeñar ningunha función. Nin sequera acoden ás oficinas porque Medio Rural non lles encomenda ningunha tarefa. A Xunta leva gastados xa 400.000 euros en soldos. Mentre, os despedidos insisten en esixir a volta ao traballo.

Crean unha páxina de Facebook para facilitar a adopción de cans perdidos

Tobi, Rin e Lola agardan dende hai máis de vinte días nunha nave da feira do gando a que alguén lles dea un novo fogar. Son tres dos cans abandonados que recolleu ultimamente o Concello de Melide e que buscan unha segunda oportunidade para as súas vidas.

Cans coma eles contan dende hai dous anos coa axuda dunha veciña da vila que acode a diario a limpalos, botarles de comer e sacalos a pasear. Agora, coa intención de dalos a coñecer e facilitar que sexan adoptados, acaba de crear unha páxina de Facebook. Chámase "Cans perdidos en Melide" e nela aparecen as fotografías de cada uns dos animais, as necesidades que teñen, e un teléfono de contacto para quen estea interesado en adoptar (639 971 005). Todos os animais están desparasitados e o único requisito para darles un novo fogar é facerles a correspon-



O Grupo Canino do Río adestrou con algúns dos cans perdidos

dente cartilla e instalarles o chip, algo obligatorio por lei.

A creación desta páxina obedece tamén á intención de familiarizar á veciñanza de Melide con conceptos como a protección animal, o apadrinamiento ou a acollida. "Queremos que isto se vexa con normalidade, que a xente se sensibilice co problema e que

colabore, que non mire para outro lado", declara esta veciña da vila, amante dos animais.

Cun obxectivo moi parecido, organizouse o pasado 23 de decembro no Pazo de Congresos unha xornada de adestramento a cargo do Grupo Canino do Río, de Palas de Rei. Nela participaron algúns dos cans abandonados.

NOTICIAS BREVES

Arde un coche no Cantón



En poucos minutos o vehículo quedou completamente inservible

"Incendiouse sen máis". Os propietarios do Peugeot 307 que o pasado 8 de xaneiro ardeu en pleno Cantón de San Roque non atopan outra explicación. No vehículo viaxaba un matrimonio natural de Vilanova de Arousa que acudía a Melide para asistir a un enterro. Circulaban en sentido Lugo e, segundo relataron despois do incidente, começaron a percibir que saía fume do capó cando se atopaban á altura do BBVA. Non tiveron tempo máis que para cruzar a rotonda e parar diante dos semáforos cando o motor do coche comezou a arder. Os ocupantes botáronse rapidamente fóra e puxéronse a salvo sen sufrir ningún tipo de dano persoal. Tan só conseguiron salvar a documentación do vehículo. Pouco tempo despois de producirse o incendio apareceu no lugar o Grupo de Emerxencias, que conseguiu extinguir as lapas en cuestión de minutos.

Cáritas reúne 5.400 euros



O Atlético Melide doou para Cáritas unha cesta e unha bicicleta

Cáritas parroquial de Melide conseguiu reunir este Nadal 5.400 euros que empregarán para axudar ao longo do ano ás familias necesitadas da vila. Da recadación total, 3.200 euros xuntáronse no rastrillo solidario que organizou en colaboración co Concello os días 21 e 22 de decembro. A cantidade é sensiblemente inferior á reunida o ano pasado (4.800 euros), unha diferenza que a presidenta de Cáritas-Melide, Amparo Taboada, atribúe ao feito de que "este año faltaron las 800 flores de Pascua que vendimos en 2012". Con todo, asegura que a recadación é "estupenda" tendo en conta a situación económica actual e agradece todas as achegas realizadas. Por outra banda, en concepto de donativos económicos de comercios e empresas do polígono, xuntáronse outros 2.200 euros. Ademais, o Atlético Melide tamén quixo poñer o seu gran de area doando unha cesta de Nadal e unha bicicleta.

Fronte común para que se amplíen os accesos á barcaza de Portodemouros

Os concellos de Santiso e de Vila de Cruces unirán as súas forzas ante a Consellería de Medio Ambiente e ante Unión Fenosa para conseguir que se amplíen as rampas de acceso á barcaza que cruza o embalse de Portodemouros.

Así o acordaron as corporacións dos dous municipios tras aprobar por unanimidade unha moción a iniciativa dos alcaldes na que se daba conta da dificultade que teñen os veículos agrícolas para acceder á embarcación debido á falta de espazo suficiente para manobrar. Segundo manteñen os rexedores, os 6 metros de ancho que teñen as rampas de acceso á barcaza, tanto na marxe de Beigondo como na de Loño, non son unhas dimensións "adecuadas" para entrar e saír dela "nun se axustan á normativa vixente".

Por outra banda, advirten das situacions de perigo que se producen como consecuencia da falta de superficie e recordan que recentemente un trac-



Os veciños levan tempo queixándose pola estreitura dos accesos

tor estivo a piques de caer ás augas do río Ulla tras desprazar a embarcación cando intentaba acceder a ela.

Por motivos coma este, Santiso e Vila de Cruces decidiron tomar cartas no asunto e instarán á Xunta a que prexione a Unión Fenosa, a concesionaria da explotación do encoro, para que manteña o paso entre os dous municipios "nos termos establecidos na

concesión e en debidas condicións de funcionalidade e seguridade".

A barcaza de Portodemouros foi reformada hai pouco máis de sete anos ante os problemas que existían para o transporte de vehículos agrícolas con remolque. Daquela ampliouse a súa capacidade de carga sobre cuberta ata as 20 toneladas e a superficie de carga útil ata os 13 metros.

Aumentan un 40% as axudas destinadas ao camiño francés

O Concello de Melide recibirá este ano 15.400 euros para labores de mantemento e conservación dos 11 quilómetros de Camiño Francés que transcorren polo seu territorio. Isto representa un 40% máis ca o ano pasado. É o incremento que decidiu aplicar a Xunta e que se plasmou na sinatura dun convenio a finais de 2013 entre a Dirección Xeral de Turismo e os 11 concellos que integran a Mancomunidade do Camiño Francés. No seu conxunto, o incremento supón 219.000 euros.

Ademais desta cantidade, Melide, ao igual que o resto de municipios, recibirá 8.000 euros a maiores para contratar persoal de información e asistencia turística aos peregrinos e outros 6.000 euros para a promoción de espectáculos culturais.

Arrancan as competicións do centro ecuestre das Pías



Unha amazona co seu cabalo durante un momento da competición

O Centro Ecuestre Marco das Pías, en Sobrado, está inmerso de cheo na segunda edición da Liga de Competicións Hípicas. Cun calendario de 6 concursos, xa se disputaron os dous primeiros; o último deles o pasado 11 de xaneiro. Na liga participan moitos alumnos do centro e tamén xinetes chegados de diferentes puntos de Galicia, algúns cos seus cabalos e outros con animais prestados polo propio centro. En cada concurso realizan probas de diferentes niveis e gaña quien máis puntos vai acumulando ao longo da competición. Os próximos concursos serán o 8 de febreiro, o 8 de marzo, o 5 de abril e o 10 de maio. É preciso inscribirse.

A comarca perderá en dez anos o 11% da poboación

A Terra de Melide sucumbirá tamén á crise demográfica que, con contadas excepcións, afecta a boa parte de Galicia. Segundo unha proxección feita pública recentemente polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a comarca perderá nos próximos dez anos o 11,3% da súa poboación. Iso significa que chegado o ano 2023 terá 1.400 habitantes menos dos que rexistra a día de hoxe e pasará de contar 12.379 a 10.979.

De cumprírense as estimacións, non farán máis que confirmar a tendencia negativa que se vén producindo xa na última década, na que a comarca perdeu 2.165 habitantes,

o que representa o 14,9% da súa poboación. O descenso porcentual máis acusado dende o ano 2003 rexistra o concello de Santiso, cun 20,6% menos de habitantes, seguido por Toques (-18,4%), Sobrado (-16%) e Melide (-12,6).

Os datos do padrón municipal publicados o 1 de xaneiro polo Instituto Nacional de Estadística (INE) tampouco deixan en bo lugar á comarca no que á evolución do último ano se refire, xa que perdeu 300 habitantes. Por concellos, Melide perdeu 189, Santiso 53, Toques 37 e Sobrado 21. No conxunto de Galicia tan só 48 dos 314 concellos que existen ganaron poboación.

Evolución da poboación (2003 - 2013)

	2003	2012	2013
Melide	8.345	7.502	7.313
Sobrado	2.400	2.037	2.016
Santiso	2.249	1.838	1.785
Toques	1.550	1.302	1.265
Comarca	14.544	12.679	12.379

Garantida a continuidade do GDR ata o ano 2015

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR UTM), que opera nas comarcas de Melide e Arzúa, continuará coa súa actividade de apoio ao territorio, como mínimo, durante dous anos máis. Así o garanten os cadros financeiros aprobados a finais de ano pola Xunta de Galicia para os 31 GDR da comunidade e nos que se recollen os fondos dispoñibles para 2014 e 2015.

O UTM contará nas dúas próximas anualidades cun orzamento que ascende a 1.490.286 euros. Da cantidade outorgada para este ano (681.803 euros), o 82% destinárase á concesión de axudas para apoiar iniciativas a prol do desenvolvemento

económico da zona. No ano 2015 destinárase á subvención de proxectos o 85% dun orzamento de 808.482 euros. Os cartos restantes en cada unha das anualidades son para gastos de funcionamento e de promoción.

Dende o GDR da comarca fan un balance "moi positivo" do reparto de fondos xa que, segundo explican, "as achegas incrementáronse con respecto a anos anteriores e estamos entre os GDR de Galicia que máis cartos recibiron". Ao longo do ano 2013 o GDR UTM concedeu 530.000 euros en axudas para poñer en marcha 14 proxectos de desenvolvemento rural nos dez concellos comprendidos no seu ámbito de actuación.

Santiso aprobará as contas “a tempo” por primeira vez nesta lexislatura

O Concello de Santiso aprobou inicialmente o pasado 8 de xaneiro, cos únicos votos a favor do equipo de goberno, o orzamento municipal para 2014, que ascende a 1.353.421 euros. Tras a regulamentaria exposición pública durante 15 días, e de non haber reclamacións, poderá ser aprobado de forma definitiva para a súa entrada en vigor no mes de febreiro.

O alcalde, Manuel Adán, destacou que “por fin se consigue facer a tempo”, despois de ter funcionado o ano pasado co presupuesto prorrogado e de aprobar o de 2012 no mes de xullo. Pola súa banda o PP, logo de requirir información sobre máis dunha decena de partidas, rexeitou dar o seu apoio aos orzamentos e aproveitou para valorar con sorna a xestión feita ata agora polo tripartito: “aprobalo case dentro de prazo é a mostra de que a veteranía é un grao”, dixo a concelleira Matilde Pallares.

INGRESOS		
Impostos directos	315.121,04	23,28%
Taxas e outros	90.100,00	6,66%
Transf. correntes	682.342,45	50,42%
Ingresos patrimoniais	1.500,00	0,11%
Transf. de capital	264.357,64	19,53%
TOTAL	1.353.421,13	100%

GASTOS		
Gastos de persoal	398.665,97	29,46%
Bens corrtes./servizos	623.054,97	46,04%
Gastos financeiros	3.800,00	0,28%
Transf. Correntes	35.940,00	2,66%
Investimentos reais	274.922,05	20,31%
Pasivos financeiros	17.038,14	1,25%
TOTAL	1.353.421,13	100%

Eleccións dos troiteiros

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” convoca asemblea xeral ordinaria para o vindeiro 18 de xaneiro. Será no salón de actos do edificio multiusos de Melide ás 17:00 horas en segunda convocatoria. Entre os puntos da orden do día figura a elección da nova xunta directiva. Por outra banda, a asociación de troiteiros anuncia que o día 3 de febreiro se realizará o sorteo dos coutos de pesca do río Furelos para 2014. Será no bar O d’ Peque, en Melide, ás 20:30 horas. Os socios que desexen participar teñen que inscribirse acudindo persoalmente ao local da asociación, chamando ao número de teléfono 696 607 348 ou a través do enderezo asociaciontroiteiros@gmail.com.

Repitén o plan DTC 93

A Deputación da Coruña aprobou no último pleno de 2013 as achegas do plan DTC 93, dotado con 18 millóns de euros dos que a Terra de Melide recibirá 636.215. Trátase dun plan de carácter extraordinario que a Deputación pon en marcha por segundo ano consecutivo co obxectivo de “cooperar co funcionamento dos servizos municipais esenciais”. Os concellos poderán destinar os cartos que lles corresponden a obras e subministros, honorarios de redacción de proxectos ou achegas a outros plans e convenios. Os municipios da comarca recibirán as seguintes cantidades: Melide, 222.665 euros; Sobrado, 154.305; Santiso, 134.680; Toques, 124.562.

Consumo responsable

Ata finais de curso o IES de Melide realizará diferentes actividades para concienciar á comunidade educativa da problemática medioambiental e da necesidade de solucionala. Baixo o lema “o coidado do planeta comeza na túa aula”, o alumnado traballará de xeito ecolóxico o invernadoiro do centro educativo, implicarase no reemprego de recipientes, fará varias saídas a espazos naturais para coñecer os seus ecosistemas e participará nun concurso para ver que grupo mantén en mellores condicións a súa aula. A iniciativa forma parte do Plan Proxecta de Sostentabilidade e Paisaxe da Consellería de Educación.



Estas son as tres imaxes ganadoras do I Concurso de Fotografía de Toques. Empregaranse para ilustrar os almanaque que cada ano reparte o concello entre os veciños.

Nadal na Comarca



O coro infantil de Visantoña deleitou a toda Galicia este Nadal coa súa participación no programa da TVG “Heicho cantar”



Os Reis Magos atoparon acubillo no Pazo de Vilar de Ferreiros á súa chegada a Santiso. Foron recibidos ao son das gaitas



En Toques os Magos de Oriente dirixíronse a pé cara ao pavillón onde os estaban agardando Os Gaiteiros do Balado



Tamén os agardaban ducias de cativos. Dende os tronos reais Melchor, Gaspar e Baltasar repartiron regalos e caramelos

**METEC
ASESORES**

METEC ASESORES

EN COLABORACIÓN CON **GENERALI Seguros**

MELIDE

Tfno.: 981 507 022
Fax.: 981 507 022
Antón Fraguas, 12
15800 MELIDE

TEIXEIRO

Tfno.: 981 789 879
Fax.: 981 789 879
Sánchez Anido, 7
15310 TEIXEIRO

CORUÑA

Tfno.: 981 914 011
Fax.: 981 918 198
Avda Arteixo, 83-85
15009 A CORUÑA

Pregúntale al León

WWW.METECASESORES.COM

COCHES VIDA RIESGO
TRACTORES AHORRO JUBILACIÓN
MOTOS PLANES DE PENSIONES
HOGAR INVERSIÓN
COMERCIO SALUD
EDIFICIO DECESOS

ADMINISTRACIÓN DE FINCAS

COLEGIADA
NUM. 1-1237

**GESTIÓN INTEGRAL
DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS**

FERNANDA CASAL VÁZQUEZ

R/ Anton Fraguas, 12
15800 Melide - A Coruña
Tfnos. 981 507022 - 680 243851
casal.fer@gmail.com

**SU COMUNIDAD
EN BUENAS MANOS**

*Ser
impecable
está
de moda*

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.I.S. (0177-GAL-5P0)

Analíticas alimenticias Laboratorio
Legionela Control de plagas
Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399

TOQUE DE
REFRIGERACIÓN
LEGIONELA

Certificado
manipulador de alimentos

16 Publicidade

Cerne 96. Xaneiro 2014

O día 13 de Decembro naceu na zona dos viños de Melide **DUAS RUAS BODEGUILLA**. Un novo local con estilo propio caracterizado por una cuidada selección de viños así como una oferta gastronómica basada en raciones variadas e tablas de ibéricos.

O equipo de Duas Ruas bodeguilla traballa a diario cun único obxectivo: **SERA SUA MELLOR ELECCION**.



Duas Ruas bodeguilla



O d'PEQUE

Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE
TEL: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal	D.O. Vinos de Madrid Tagonius D.O. Somontano Pirineos D.O. Bierzo Dominio de Tares Vinos del mundo Argentina, Australia, Chile	V.T. Castilla Mano a Mano & Venta La Ossa Pago del Vicario D.O. Rías Baixas Nora Lusco Veigadares Terra D'Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral
D.O. Ribera del Duero Tarsus PradoRey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes	D.O. Navarra Castillo de Javier Palacio de la Vega	D.O. Valdeorras Galgueira
D.O. Rueda Naia Monteblanco	D.O. Bierzo Dominio de Tares	D.O. Ribeira Sacra Pincelo & 1985
D.O. Ribeiro Viña Costeira	D.O. Toro Fariña	Champagne Perrier Jouët
	V.T. Castilla y León Dominio DosTares Viñas del Cénit	Aceite ArteOliva Agua Solán de Cabras



JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ MATO
espectaculostony@gmail.com

ESPECTÁCULOS TONY

C/ Taboada Roca, 8 Bajo
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno/Fax: 981 507 882
Móvil: 672 659 795

OFICINA OPORTO
Aguas Santas, bajo 111 - OPORTO
Tfno: 00 351 647 19 00 75
PORTUGAL

José Antonio Vázquez Mato comezou a exercer como axente de espectáculos hai dez anos. A súa traxectoria desenvolveuse arredor de dúas empresas, unha en Galicia e outra en Portugal, e foi pouco a pouco incrementando o elenco de representación con novas orquestras e variadas formacións musicais. A día de hoxe acumula unha longa traxectoria contratando orquestras e artistas do ámbito nacional e internacional.

Unhas das súas últimas incorporacións son as orquestras IMPACTO e SÚPER HOLLYWOOD. Esta última conta cun dos escenarios más grandes de España. As súas dimensión alcanzan os 30 metros de fronte, 12 de fondo e 14 de altura. Está composta por un total de 25 persoas e sempre ten en escena, como mínimo, 16 artistas.

Ademais desta orquestra tamén representa a outras como Casting, Standing, Kosmos, etc.. e a algúns dos artistas más importantes do panorama musical actual: Alejandro Sanz, Carlos Baute, Malú, Antonio Orozco, Pastora Soler, Manuel Carrasco, Carlos Vives, Ráfaga, King África...

Espectáculos Tony traballa en Galicia, Asturias, Cantabria e Portugal



PRESENTACIÓN DE ORQUESTRAS
ANO 2014

LUNS, 3 DE MARZO
PALAS DE REI

ACTUARÁN 3 ORQUESTRAS

Gold **Pub de Luxe** *Pub*
na movida de Melide



A dirección do Pub De Luxe queremos darvos
as grazas a todos e todas por ter asistido
á nosa **FESTA ANIVERSARIO**

Contamos con vós para as festas de Entroido e,
por suposto, tamén agardamos que nos sigades
visitando cada fin de semana!



Melide volve ter Casa da Cultura tras unha década de obras e esperas

O edificio inaugúrouse este Nadal coa participación de varias formacións artísticas da vila. Falta por rematar a planta superior

Era moita a expectación e demasiado o tempo agardado. Quizais por iso a inauguración da Casa da Cultura deixou a sensación de ter sido finalmente un acto máis discreto, máis sinxelo e con menos fasto do esperado; como se a infraestrutura máis desexada e demandada pola veciñanza estivese sempre aí, como realmente estivo, agardando toda unha década para ser rematada e para converterse no epicentro das manifestacións culturais dun pobo con moitas inquedanzas.

O novo centro sociocultural da vila abriu as súas portas o pasado 27 de decembro cunha posta en escena simple e tres protagonistas: arriba, sobre a madeira do escenario, artistas da vila. Abaixo, ocupando os 250 asentos da platea, os veciños e veciñas de Melide. Baixando pola rampa do patio de butacas, a corporación municipal, a representación dos partidos políticos e das institucións que en maior ou menor medida contribuíron a facer realidade un edificio no que se investiron máis de 2 millóns de euros dende que no ano 2003 fora derrubado o anterior inmóvel e que foi assumido polos diferentes gobiernos locais como unha herdanxa envenenada á que había que dar solución.

“Isto foi posible grazas aos impostos de todos e todas vós, grazas á Xunta, ao Ministerio de Cultura e á Deputación”, dixo a alcaldesa, Ánxoles Vázquez no transcurso dunha breve intervención na que se dirixiu aos asistentes. “Temos un edificio marabilloso que non todas as vilas poden presumir del”, engadiu a rexedora, “Melide gana patrimonio arquitectónico e un local no que socializar e culturizarnos máis”. Vázquez estivo acompañada pola Vicepresidenta da Deputación, Mariel Padín, como representante da institución que, cunha achega de 123.900 euros, contribuíu a acometer os retoques necesarios e posibilitar a apertura do edificio: modificacións na planta principal, instalación dos sistemas de climatización,



A Orquestra Sinfónica, a Coral Polifónica e o Coro Infantil do Conservatorio pecharon o concerto de inauguración



A alcaldesa, Ánxoles Vázquez, acompañada pola vicepresidenta da Deputación, Mariel Padín, e parte da corporación municipal

seguridade e megafonía e o acondicionamento do exterior do edificio, deteriorado tanto polo paso do tempo como polo botellón das fins de semana.

Pendente de rematar

Aberta ao público pero non rematada. A Casa da Cultura quedalle aínda pendente a planta superior, algo que non ocultou Ánxoles Vázquez: “falta un chisquiño pero cada vez que un político vén a Melide metémosselle a zancadilla para que se comprometa a seguir apoiándonos”, dixo dirixéndose á vicepresidenta da Deputación ao tempo que anunciou que o Concello pediría “unha nova axuda” para rematar un proxecto que ben se podería definir como o Escorial melidense.

Inauguración con artistas

Non podía ser doutro xeito. A apertura da Casa da Cultura

foi tamén un espectáculo artístico con música e teatro que quixo incluír unha representación do que é a día de hoxe a cultura melidá.

Con algunas críticas pola limitada presenza de agrupacións da vila, a Orquestra Sinfónica de Melide acaparou todos os focos e ofreceu un variado concerto que incluíu a estrea absoluta do pasodoble *Melide no Camiño*, composto expresamente por Fernando Vázquez Arias para a inauguración do edificio.

O *Himno de Melide*, interpretado conjuntamente pola Orquestra Sinfónica, a Coral Polifónica e o Coro Xuvenil do Conservatorio, puxo un emotivo final a un acto no que tamén participaron Froito Novo, en representación da música tradicional, o grupo de teatro Charamela e os xoves talentos melidenses Irene Ruiz, Patricia Méndez e Xoán Curros.

Unha fin de semana máxica



“Non fai falta ver para crer. Cando deixamos de crer, deixamos tamén de ser nenos e iso non se pode permitir”. Esta máxima pronunciada pola Mago Patxi ante a platea ateigada de público da Casa da Cultura ben podería resumir o que foi a I Gala da Maxia que se celebrou en Melide: un espazo de ilusión onde nada era o que semellaba ser. Ou si. O propio Mago Patxi, xunto cos seus compañeiros o Mago Teto, o Mago Rafa e o Mago Linaje ofreceron o pasado 4 de xaneiro un espectáculo que pechou, como non podía ser doutro xeito, o mago local Dani Polo. Foi o colofón final a unha fin de semana cargada de obradoiros e maxia nas rúas da vila.

Concerto da Banda de Gaitas



Presentouse no 2012 como unha agrupación representativa da tradición musical. Demostrouno e confirmouno en 2014 no seu concerto de ano novo. A Banda de Gaitas da Terra de Melide, cos seus 38 músicos procedentes de Melide, Toques, Sobrado, Arzúa e Antas de Ulla, interpretou o pasado 12 de xaneiro na Casa da Cultura un repertorio de corte tradicional que serviu para homenaxear a grupos galegos tan importantes como Os Garceiras, Os Campaneiros ou Os Areeiras.

Fichaxes no Atlético Melide

Era unha das promesas e un dos obxectivos prioritarios da directiva do Atlético Melide: comezar o ano cun equipo reforzado para loitar con garantías polo ascenso. Os primeiros cambios comezan a producirse e o club acaba de pechar a fichaxe do dianteiro centro Alberto Seoane e do centrocampista Toni Turcan, procedente do Bertamiráns F.C. A renovación continuará con novas fichaxes nos próximos días.



Alberto Seoane e Toni Turcan, as novas fichaxes do Atlético Melide

RETRINCOSE DO NADAL EN MELIDE

Na cabalgata

Quizais foi por iso de que son magos, pero o certo é que Melchor, Gaspar e Baltasar foron quen de afastar as nubes no medio do temporal para desfilar sen choiva por unhas rúas ateigadas de xente. Agardábanos centos de cativos subidos nos ombreiros de seus pais para mellor coller os caramelos e ver más de preto a ilusión. Non viñeron sós os magos de Oriente este ano; acompañáronos na súa visita a Melide zancudos, malabaristas, acróbatas e fogos de artificio.



A San Silvestre

Hai poucas cousas que Melide teña que envexar, e tampouco as San Silvrestres más famosas. Este Nadal celebrou por primeira vez a súa propia e o 31 de decembro ducias de corredores botáronse ás rúas da vila para ir facendo o camiño cara ao novo ano. Organizada pola Asociación Deportiva Cerne, a proba consistiu nun quilómetro de carreira para os cativos e cinco para os adultos con percorrido polo centro da vila e un gorro de Papá Noel como uniforme oficial.



Conciliando...

A ANPA do Colexio N°2 organizou sete días de actividades de ocio e tempo libre para facer compatibles as vacacións dos máis cativos co traballo dos seus papás. Desenvolvéronse en horario de mañá e nelas participaron arredor de 40 nenos de entre 3 e 12 anos. Baixo a dirección de cinco monitores da empresa de animación infantil Aínda Máis, os pequenos xogaron ás pistas para buscar a Papá Noel, cociñaron, fixeron adornos e lerón na biblioteca contos de Nadal.



O Conservatorio

Foron eles quen realmente estrearon a Casa da Cultura, mesmo antes da súa inauguración. O alumnado do conservatorio ofreceu o seu tradicional concerto académico no novo centro sociocultural para amosar o traballo feito durante os tres primeiros meses de curso. Consistiu nun conglomerado de pezas moi coñecidas que interpretaron o grupo de acordeóns, o grupo de guitarras, a orquestra e o coro xuvenil, a orquestra de cámara e a banda de música.



Cantando os reis

Botáronse á rúa por primeira vez hai catro anos para cantar os reis polos bares de Melide na noite do 5 de xaneiro. Daquela para algúns eran unha novidade e para outros o recordo dun costume perdido. Agora son unha tradición, a que no seu día quixeron volver recuperar e conseguiron con éxito. O remate do Nadal xa non sería o mesmo sen as voces e os instrumentos de Herba Grileira entoando iso de... "se nos queren dar o aguinaldo, non nos fagan agardar..."



No Hostal do Anxo

Un falso parte meteorolóxico converte un hostal de Melide rexentado por unha tía máis a súa sobriña no refuxio ante a invernía de moi diferentes hóspedes que acaban descubrindo nel o verdadeiro espírito do Nadal e a importancia de compartir momentos coas persoas. Boa lección a que aprendemos do elenco de actores e actrices da escola de teatro municipal, que interpretaron na Casa da Cultura *O Hostal do Anxo*, obra dirixida por Mª Carmen Gómez Neira.



Nadal Cultural

Foi un pequeno adestramento para os xogos de inverno de Sochi e unha das múltiples actividades do Nadal Cultural programado polo Concello de Melide. Arredor de 30 rapazas e rapaces viaxaron ata Santiago para gozar dunha mañá de deporte invernal na pista de xeo de Amio. Houbo moito más ao longo de dúas semanas: cine, teatro, obradoiros de cociña, de reciclaxe, de baile e de maxia que deixaron moitas aprendizaxes para volver ao cole con ganas.



Unha de panxoliñas

Hai dous eventos que marcan o inicio do Nadal: o sorteo da lotería e, en Melide, tamén o certame de panxoliñas. Ámbolos dous coincidiron este ano no 22 de decembro para inaugurar unhas datas especiais con pouca sorte e moita música. A igrexa parroquial volveu ser o escenario dun concerto no que a Coral Polifónica de Melide compartiu cartel coas corais de Antas de Ulla e de Carral, para ofrecer un recital composto por 15 panxoliñas tradicionais.



CONFIGURA A TÚA PROPIA VERBENA EN WWW.VERBENAGALEGA.ORG ELIXINDO ENTRE OS NOSOS GRUPOS:

- O SONORO MAXÍN ➤ UXÍA
- DIOS KE TE CREW ➤ TALABARTE
- COANHADEIRA ➤ OS CUCHUFELLOS
- PANDEIROMUS ➤ OS MODERNOS
- CAXADE ➤ A MAGNIFIQUE BANDE
- E MOITAS PROPOSTAS MÁIS

Verbenagalega

A FESTA DE SEMPRE
COMO NUNCA A VICHES

+info: www.verbenagalega.org 981 582 836 info@culturactiva

CULTUR ACTIVA

CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)

Cafetería e Pastelería Estilo

Casa Estilo recuperou este Nadal as boas tradicións dos vellos tempos; as das alegrías compartidas entre veciños, entre xente coñecida, para celebrar os momentos importantes do ano. Así foi que este establecemento melidense de toda a vida abriu as súas portas en Noitevella para converterse nun espazo no que dar a benvida ao 2014 dunha forma diferente; máis sosegada, máis tranquila, pero igualmente festiva. Con música en directo a cargo de Suso de Boente, a celebración prolongouse ata ben entrada a madrugada, momento no que se puxo o punto e final co tradicional chocolate e, como non podía ser doutro xeito, co roscón de Casa Estilo. Unha boa experiencia que os xerentes desta pastelería barallan repetir en datas próximas. Que se prepare o Entroido!

The advertisement features a large, stylized title "Cafetería e Pastelería Estilo" at the top. Below it is a detailed paragraph in Spanish describing the restaurant's New Year's Eve celebration. Four smaller photographs are arranged in a 2x2 grid at the bottom, showing various scenes from the event, such as people dancing and socializing.

Ximnasio e inglés como metas para o novo ano

Silvia Pena, xornalista

Eu sempre tiven esa mala sorte dos que cumplimos en xaneiro. Vou explicar para aqueles que celebrades o aniversario noutras épocas do ano, como o verán ou a primavera. Cada seis de xaneiro aparece algúm familiar que me di que o regalo o deixa para o día que compra os anos, que os de Oriente decidiron xuntalo todo para que a costa de xaneiro non se faga tan pronunciada para a economía doméstica. Ata aquí todo comprensible, se non fora porque unha semana despois ese mesmo familiar aparece para acompañarte mentres sopras as candeas e bota man do mesmo discurso. –“Este ano non che mercamos nada polo aniversario porque acaban de pasar os Reis e supón moito desembolso xunto”.

Resultado: nin agasallo de Reis, nin un detalle que axude a esquecer que vas un ano máis vella e te seguen tomado pola mesma parva que cando non chegabas á cena. Así as cousas, xa houbo varias persoas que se me queixaron de que a xente este Nadal foi menos espléndida non só cos agasallos, senón

coas felicitacións. Seica as mensaxes non chegaron por ducias e que aquela xente que só se acorda dun nestas ocasións sinaladas, xa nin iso. A facturación das compañías de teléfono parece non referendar a sospeita dos meus colegas, polo que habería que facer unha análise más profunda que o aclare.

No que si coinciden todas esas persoas coas que falei é en repetir, a modo de bucle incansable, esas propostas de aninovo nas que tantas veces coincidimos, con independencia da idade ou do lugar de residencia. Un feixe de xente quere deixar de fumar este 2014, outra tanta vai aproveitar para apuntarse ao ximnasio e aprender inglés. Tamén están os que se prometen traballar menos e compartir máis coa familia e cos amigos. Eses que empezan por mandar a felicitación de Nadal aínda que xa esteamos a mediados de xaneiro. Os mesmos que lles fan repensar aos meus amigos se descenderon ou non os bos deseños para o 2014. Ao final, coma nos enterros, do que más nos lembramos é do veciño que non foi.

XORNAL CERNE

Departamento de publicidade

663 687 322
981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com

Anúnciate!!

Maxia para un venturoso 2014

Santiago Prado (Chago), antropólogo



Uns cantos magos amenizaron os primeiros días do ano en Melide con aquilo que se espera que xere a maxia: ilusión. Sempre gocei co mundo da maxia porque me parece unha arte moi difícil de acadar, cun gran traballo ás costas e con aquilo que máis prezo: a creatividade.

Ilusión e creatividade parécenme dúas verbas axeitadas para reivindicar neste comezo de 2014. Ilusión porque se os ánimos están decaídos non se albiscará un porvir, ou se non facemos noite na esperanza para seguir camiñando (parafraseando a Sés) difficilmente sexamos quen de construír un futuro que responda a verbas diferentes ás da melancolia de

que tempos pasados sempre foron mellores e a maiores desigualdades manifestadas na exclusión e pobreza. Unicamente é posible construír ilusión e esperanza con aquilo que mellor saben facer as persoas: xerar alternativas nestes tempos de malestares. Pero as alternativas non xorden da nada, nin emanen do vento, nin das palabras desalentadoras das conversas na taberna. As alternativas constrúense mediante aquilo que nos deu pé hai xa milleiros de anos a converternos en animais sociais, é dicir, a organización das persoas dun xeito crítico e con vontade de construír un mundo onde caibam todos os mundos.

A construcción deste mundo

de diversidades unicamente pode asentarse no rexemento do inmobilismo, de continuar esperando que nos digan como debemos facer as cousas e como imos mellorar, que decidan por nós o que está ben e mal, e un longo etcétera. É preciso que emanen novos significados que nos permitan xerar propostas de acción creativas nas que as persoas sexan, xa e dunha vez, as que tomen a iniciativa. Temos que deixar de queixarnos e de vivir no tormento do malestar para que o noso presente non siga a construírse sobre a esperanza de que alguén nos vai solucionar os nosos problemas e, deste xeito, que o futuro se ampare nas nosas propostas.

As persoas e as súas interrelacións deben reivindicar que saben, poden e queren para non vivir unicamente na esperanza inxenua da chegada dos superheroeis. Polo tanto, a maxia que percorreu estes primeiros días de ano que nos imbúa de ilusión e creatividade para construír aquilo que queremos sobre a base de non renunciar a aquilo que xa tiñamos conseguido. O 2014 esperemos que sexa un ano de boa ventura e que nos permita construílo tamén de xeito venturoso mediante as múltiples relacións entre o nós.

Os gaiteiros da Terra de Abaixo

Xosé Núñez López

Houbo na Terra de Melide uns gaiteiros universais, que foron “Os Garceiras”, pero as persoas maiores tamén recordámos aos gaiteiros da “Terra de Abaixo”, e concretamente aos que houbo nas parroquias de Visantoña e de Rivadulla. Aínda que sempre actuaban en calidade de afeccionados, desexo dedicarles estas sinxe-las liñas a título póstumo.

Na parroquia de Rivadulla recordamos un gaiteiro coñecido como “O Lamas”, que seica tocaba que daba xenio escoitalo. En canto a Visantoña, houbo un chamado Rafael de Vilar de Ferreiros. Tiña poucas actuacións porque o titular da parroquia, ata o comezo da guerra civil do 36,

foi Ramón López Gómez. Este veciño da aldea de Seoane, formou un grupo xunto co seu irmán Xesús, que tocaba o tambor, e o coñecido por Xan de López da aldea de Visantoña, que tocaba o bombo. Xuntos amenizaron durante anos as foliadas da parroquia, que normalmente se facían polo inverno en datas como o aninovo, reis o San Xosé...

Ramón, ademais de tocar a gaita, era un home moi habilidoso: igual que amañaba un reloxo ca unha arma de fogo. Ademais como albanel, que era o seu oficio, especializábase en traballos finos. Un deles realizouno no ano 1933 e consistiu no acabado dos catro arcos da nave central da igrexa

parroquial de Visantoña.

O máis lamentable foi que, aos poucos meses de casar con Mercedes Mato, da parroquia de San Martiño das Varelás (Melide), comezou a guerra do 36. Foi chamado a filas e faleceu en combate sen deixar descendencia. A viúva casou de novo e deste matrimonio naceron tres fillos que se chamaron Manuel, Lourdes e Pilar. Lourdes casou con Leonardo e, xunto co seu home, rexentan o bar de San Martiño de Abaixo.

Mercedes Mato, que faleceu fixo agora un ano cando contaba 96, viviu 75 anos máis ca o seu primeiro marido Ramón. É unha anécdota triste e difícil de crer.

RUBÉN GÓMEZ, SUPERMERCADO GÓMEZ (GRUPO COVIRAN)

“Dende que cambiamos para Coviran melloramos os prezos para o cliente”

Segue a estar no mesmo lugar de sempre, na rúa Amador Rodríguez, onde comezou hai case tres décadas como un negocio familiar que medrou pouco a pouco conservando esa esencia das tendas que saben coidar ao cliente. Agora, tras adherirse ao grupo Coviran, Supermercado Gómez

inicia unha nova etapa marcada por uns prezos más baixos e o bo servizo de toda a vida. Manexa o temón do cambio Rubén Gómez, a segunda xeración á fronte do negocio, a persoa que naceu e medrou entre estantes de comida e que ten claro que este é o traballo que mellor sabe facer.

-Estrean o ano adheríndose a unha nova cadea de supermercados; Coviran. A que obedece o cambio?

-Rubén Gómez (R.G.): Era unha idea que levabamos tempo barallando e coincidiu que o grupo se puxo en contacto con nós porque estaba interesado en implantarse nesta zona. Comparamos as condicións e parecéronnos mellores que as que tiñamos, tanto para nós como para o cliente. Teñen moi bos prezos e iso permítenos obter máis beneficios vendendo incluso máis barato, o que tamén é benficioso para o consumidor.

-Coviran non é un grupo moi coñecido en Galicia...

-R.G.: É unha cooperativa que comezou a funcionar en Granada hai medio século. A día de hoxe ten máis de 3.000 tendas en toda España e Portugal. A Galicia chegou hai cousa de catro anos, por iso non se coñece moito, pero está entrando con forza porque teñen bos prezos. Ao traballar como cooperativa, negocian convxuntamente para todos os establecementos e por iso ofrecen boas marxes. Tal e como eles compran o producto, cómpralo ti. Outras cadeas ofrecen bos prezos pero non chegan ao nivel de Coviran porque se quedan cunha porcentaxe.

-O cliente tamén vai notar o cambio?

-R.G.: Por suposto. Todo isto repercute no cliente e vaino notar moito nos prezos, sobre todo nos dos produtos de droguería, perfumería e cosmética, que foron os que máis baixaron. En xeral, temos mellores prezos en todas as marcas líderes, porque podemos decidilos nós e agora hai marxe para rebaixar. Logo



Rubén Gómez nun dos corredores centrais do supermercado que rexenta

tamén traballamos a marca branca, que está bastante ben. Neste caso o prezo é igual para todos os supermercados Coviran. Os produtos básicos de alimentación xa están moi axustados en todas as cadeas e, de feito, as marcas brancas están moi pendentes unhas das outras e cópianse.

-Hai unha guerra de prezos?

-R.G.: Si, é unha guerra salvaxe. Hai cinco ou seis anos as marxes eran más amplas, pero agora reduciríronse moito. Incluso ás veces cando fas ofertas estás traballando en negativo e vedes máis barato ca compras para chamar polo cliente. En tema de alimentación hai moita competencia e aquí en Melide especialmente. Nos últimos dous ou tres anos abriron varios supermercados

e non pechou ningún. Está todo moi saturado.

-Vostedes teñen a vantaxe de que ofrecen exclusividade...

-R.G.: Iso é algo que nos gusta do grupo Coviran. En Melide non hai outro, porque só deixan abrir unha tenda por cada certo número de habitantes. Coa outra cadea coa que estabamos non pasaba iso e tiñamos outro supermercado que vendía a mesma marca branca ca nós a 200 metros. Entón, aos mesmos aos que lles comprabas, estábanche facendo a competencia. Iso agora non pasa.

-Nun contexto de tanta competencia, cal é o segredo para captar ao cliente?

-R.G.: Ofrecer moi bo trato

e intentar ser amable, facer cousas como levar a compra á casa, axudarlle á xente maior a coller os produtos... en definitiva, dar o máximo servizo e ter boa calidad, especialmente nos produtos frescos. No caso da carne, por exemplo, traballámola nós mesmos, non a mandan da cadea. Intentamos ter sempre o mellor producto posible.

-Hai tres anos que colleu as rendas do supermercado. Custoulle tomar a decisión?

-R.G.: O noso é un supermercado familiar que fundaron meus pais hai case trinta anos. Eu nacín nel, medrei nel e sempre botei unha man. É algo que me gusta e que sempre tiven claro, por iso non me resultou estranxo nin difícil poñerme á fronte da tenda.

“Baixamos os prezos en xeral, pero sobre todo nos produtos de droguería e de perfumería”

“Non foi difícil coller as rendas da tenda porque nacín e medrei nela; sempre botei unha man”

Agora teño máis traballo e más responsabilidade pero más ou menos xa sabía como funcionaba todo. Ademais do que é a xestión tamén estou no día a día do supermercado reponendo e despachando. Hai que facer un pouco de todo.

-Ese “un pouco de todo” chega a ser excesivo?

-R.G.: Os negocios familiares son moi escravos. Isto é un traballo atado e boto de menos ter máis días libres ou unhas vacacionns. Polo demais, gústame. Necesito estar en contacto coa xente e non me imaxino nunha fábrica facendo sempre o mesmo.

Supermercado Gómez

R/ Amador Rodríguez, 1

Tlf: 981 50 70 27

Desexámosvos a tod@s un bo 2014!!



Venres, 17 de xaneiro: degustación e cata

RIOJA LAN



Convidámose a un viño!!

Os melhores viños, en A BOA VIÑA - A BOA VIDA

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!